

Concurso fotográfico xuvenil: *Pegadas do mar e da terra.*

MUSEO DE PONTEVEDRA

Como actividade complementaria á exposición de José Suárez propoñemos un **concurso de fotografía dixital feita co móbil** para as mozas e mozos que cursen ESO ou Bacharelato.

José Suárez inmortalizou coa súa cámara o traballo das nosas xentes e as súas **pegadas no mar e na terra**. Por iso como homenaxe a el, as fotografías presentadas deben ser **en branco e negro e xirar en torno a unha destas dúas temáticas**, onde os obxectos e as xentes vencelladas a estes labores tradicionais sexan os verdadeiros protagonistas: aparellos de pesca, marisqueo ou de labranza, pezas de olería, embarcacións tradicionais...

Para participar

Só se admitirá unha fotografía en branco e negro por persoa, quen certifica que é unha obra propia, orixinal e inédita.

Deberán ser enviadas á seguinte dirección de correo electrónico: educacion.museo@depo.es

Acompañando a fotografía deberá figurar:

- O nome e o curso do autor/a e o do seu centro educativo.
- Título da obra e categoría na que participa: Pegadas do mar ou Pegadas da terra.
- Breve comentario da peza fotografada (identificación, uso, características...)
- Mes e ano da realización da fotografía.

No caso de que nas fotografías aparezan persoas que poidan ser identificadas polo seu rostro deberase contar coa súa autorización.

O formato da foto deber ser preferiblemente horizontal.

Entenderase que a ou o menor conta coa autorización da súa nai, pai ou representante legal, quen enviará un correo a educacion.museo@depo.es no que se especifique o seu nome e un teléfono de contacto.

No caso de que a participación sexa xestionada polo centro educativo a quen pertence o alumno/a, poderá ser o propio centro o responsable de xestionar a autorización cos seus pais, nais ou titor legal.

A participación no concurso implica a cesión ao Museo de Pontevedra dos dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública sobre as obras presentadas, así como a aceptación das bases.

O **prazo límite** de presentación de fotografías será o **11 de abril**.

Aspectos a valorar: I

A orixinalidade e calidade artística e técnica da imaxe.

A idoneidade do título.

O seu contido relacionado co tema do concurso.

O comentario que acompaña ao obxecto retratado.

Premios

Outorgaranse dous premios en función do nivel educativo, ESO e Bacharelato, en cada unha das seguintes categorías temáticas: **Pegados do mar** e **Pegadas da terra**.

As autoras ou autores das obras seleccionadas recibirán un agasallo vinculado coa fotografía e o catálogo da exposición de José Suárez. Os premios serán publicados na web e no Facebook do Museo xunto cunha selección de obras escollidas polo xurado entre o conxunto das presentadas.

O xurado estará formado por profesionais do Museo vencellados aos fondos fotográficos. O fallo darase a coñecer nos días inmediatos á fin do concurso e comunicarse a través dunha chamada telefónica e da web e do Facebook do Museo.

O xurado reservarase a facultade de declarar os premios desertos se estimase que a calidade dos traballos non alcanza o mínimo esixible.